



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 5 DE MAIO DE 2025

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 5 DE MAIO DE 2025.....2
2. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME” _ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME (Expediente: 2020/A003/000042).....5
- REMATE DA SESIÓN..... 20
- DILIXENCIA DE APROBACIÓN..... 20





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 5 DE MAIO DE 2025

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 251/2025 de 5 de maio*)

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE))

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as dez horas e tres minutos do día cinco de maio de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión extraordinaria e urxente o Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente en funcións don José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 251/2025 de 5 de maio*).

Foron asistidos pola Secretaria e a Interventora municipal

A Secretaria municipal:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D^a. Lucía Varela Martínez

NON ASISTEN:

D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 5 DE MAIO DE 2025.

A secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 5 DE MAIO DE 2025

Expediente TEdC: 2025/G006/000138

Tendo en conta o anterior, o Pleno do Concello de Pontedeume, sen sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023, adoptaba, entre outros, o seguinte acordo que se transcribe, en estrato:

“PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume con CIF P-1507000F para financiar a actuación nº 9 do PSTD Fragas do Eume “Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue” financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU.

Esta actuación enmárcase dentro do PSTD Fragas do Eume, no eixe 4 relativo as actuacións no ámbito da competitividade, actuación nº 9, segundo a táboa de actuacións aprobada dentro do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de A Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU, que se ve modificada na reprogramación aprobada na Comisión de seguimento do PSTD Fragas do Eume de 29 de marzo de 2023

A Deputación da Coruña farase cargo da execución das obras, contratación e supervisión das mesmas, cun custo previsto no PSTD Fragas do Eume que ascende a un total de 375.360,44 € con contribución da UE 100%.

...//...”

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña a contratación da execución das obras incluídas no proxecto de financiamento de acordo do disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

A codirección das obras corresponderá por unha parte ao Concello de Pontedeume, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan. Por outra parte a codirección por parte da Deputación se realizará polos Servizos Técnicos da mesma, non xerando polo tanto gastos neste concepto

TERCEIRO.- Delegar na Deputación da Coruña a contratación da coordinación de seguridade e saúde e do control de calidade segundo o indicado nas cláusulas do convenio que se aproba.

CUARTO.- O Concello de Pontedeume pon a disposición da Deputación o inmovible a fin de que se poidan executar as obras incluídas no proxecto de rehabilitación do inmovible.

QUINTO.- Asumir cantas obrigas deriven da formalización do convenio que se aprobe co fin da execución e xustificación das obras financiadas con cargo aos Fondos del Plan de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Recuperación, Transformación y Resiliencia, e facultar ao Sr. Alcalde do concello de Ponte deume co fin de dar cumprimento ás mesmas e a subscribir cantos actos administrativos sexan necesarios ao efecto.

...//....”

O 11 de setembro de 2023 asinábase o **“CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME” que estivo vixente ata o 30 de Novembro de 2024.”**

Logo de ver o texto definitivo da resolución pola que se aproba o texto do convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ponte deume para a Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue _ Financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU (PRTR)_PSTD Fragas do Eume (E1.A9) remitida a este Concello por correo electrónico o día 17 de marzo.

Logo de ver o informe xurídico de data 18.03.2025.

Tendo en conta o informe da intervención municipal de 30.04.2025.

Co obxecto de non demorar a tramitación do expediente para a súa remisión á Deputación da Coruña, é por isto que, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria urxente do Pleno de día 5 de maio de 2025 e a inclusión na orde do día da sesión dos asuntos:

1. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME” _ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME (Expediente: 2020/A003/000042)”.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (7 PSOE, 1 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

ÚNICO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria urxente do Pleno de día 5 de maio de 2025 e a inclusión na orde do día da sesión dos asuntos:

1. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA,





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº 30, PONTEDEUME” _ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME (Expediente: 2020/A003/000042).

2. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME” _ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME (Expediente: 2020/A003/000042)

A secretaria municipal da lectura a proposta da alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

“APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME” _ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME

EXPDTE. 2025/G006/000080 (2020/A003/000042 e 2019/X999/000500)

PROPOSTA DE ACORDO

A Deputación Provincial da Coruña presentou a finais de 2021, por iniciativa dos Concellos da Comarca do Eume, un PSTD extraordinario supramunicipal: o Proxecto Fragas do Eume que implica aos concellos de As Pontes de García Rodríguez, A Capela, Cabanas, Monfero e Pontedeume.

Este proxecto está dirixido a incrementar a sustentabilidade e capacidade operativa do territorio o dos xestores do mesmo, reforzando a colaboración público – privada para responder á caída da demanda e a necesaria adaptación dos destinos turísticos consecuencia da crise sanitaria global.

A quinta política do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) está a denominada “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da Peme, recuperación do turismo e impulso a unha España Nación Emprendedora” e materialízase, polo que respecta ao sector turístico, a través da compoñente catorce: “Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico”, cuxo obxectivo principal é transformar e modernizar o sector turístico en España a través da sustentabilidade e a dixitalización, aumentando a súa competitividade e resiliencia.

Esta compoñente ten catro grandes eixos e no primeiro deles é no que se sitúa a Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, que pretende situar a sustentabilidade como pedra angular da transformación do modelo turístico, que ten o seu reflexo nos Plans Territoriais de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sustentabilidade Turística, que a súa vez articulan a súa intervención por medio dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD), que se constitúen como plans cuxo deseño e execución corresponde aos entes locais de cada un dos destinos, e orientaranse á resolución da problemática dos destinos que estea á súa vez interrelacionada cos obxectivos previstos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos e cos demais obxectivos estratéxicos estatais e autonómicos en materia de turismo competitividade e resiliencia.

A solicitude de PSTD para o Proxecto Fragas do Eume foi aprobada e formalizouse na Resolución de 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo (BOE núm. 312, do 29.12.2021), cun orzamento de 1,5 millóns de euros, dividido en 3 anualidades (coas súas correspondentes accións e partidas económicas) e sen posibilidade de prórroga alén da finalización dos devanditos 3 anos.

*Dentro das propostas de actuación do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume atópase a de **“Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue”**.*

A acción consiste na rehabilitación dun edificio actualmente en estado de abandono para a localización dun novo albergue de peregrinos no Camiño Inglés da rede do Camiño de Santiago, sito na rúa Atafona nº30; parcela que ten como referencia catastral 7263401NJ6076S0001RW. Dado o estado da edificación, plantease unha rehabilitación integral.

A Deputación da Coruña no exercicio das súas competencias de asistencia técnica e económica aos concellos da provincia propuxo a esta Administración a tramitación do CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME”_ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME”

Tendo en conta o anterior, o Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023, adoptaba, entre outros, o seguinte acordo que se transcribe, en estrato:

“PRIMEIRO.- Aprobado o convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume con CIF P-1507000F para financiar a actuación nº 9 do PSTD Fragas do Eume “Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue” financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU.

Esta actuación enmárcase dentro do PSTD Fragas do Eume, no eixe 4 relativo as actuacións no ámbito da competitividade, actuación nº 9, segundo a táboa de actuacións aprobada dentro do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de A Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU, que se ve modificada na reprogramación aprobada na Comisión de seguimento do PSTD Fragas do Eume de 29 de marzo de 2023





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Deputación da Coruña farase cargo da execución das obras, contratación e supervisión das mesmas, cun custo previsto no PSTD Fragas do Eume que ascende a un total de 375.360,44 € con contribución da UE 100%.

...//..."

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña a contratación da execución das obras incluídas no proxecto de financiamento de acordo do disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

A codirección das obras corresponderá por unha parte ao Concello de Pontedeume, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan. Por outra parte a codirección por parte da Deputación se realizará polos Servizos Técnicos da mesma, non xerando polo tanto gastos neste concepto

TERCEIRO.- Delegar na Deputación da Coruña a contratación da coordinación de seguridade e saúde e do control de calidade segundo o indicado nas cláusulas do convenio que se aproba.

CUARTO.- O Concello de Pontedeume pon a disposición da Deputación o inmovible a fin de que se poidan executar as obras incluídas no proxecto de rehabilitación do inmovible.

QUINTO.- Asumir cantas obrigas deriven da formalización do convenio que se aprobe co fin da execución e xustificación das obras financiadas con cargo aos Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, e facultar ao Sr. Alcalde do concello de Pontedeume co fin de dar cumprimento ás mesmas e a subscribir cantos actos administrativos sexan necesarios ao efecto.

...//...."

O 11 de setembro de 2023 asinábase o "CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A "REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME" que estivo vixente ata o 30 de Novembro de 2024.

Logo de ver o texto definitivo da resolución pola que se aproba o texto do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para a Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue _ Financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU (PRTR)_ PSTD Fragas do Eume (E1.A9) remitida a este Concello por correo electrónico o día 17 de marzo.

Tendo en conta que existen razóns de interese público que xustifican a concesión da subvención en especie dentro do marco do PSTD Fragas do Eume, xa que a aposta polo Camiño Inglés é un dos principais reclamos turísticos da provincia. Así mesmo, o Camiño é un importante impulsor socioeconómico para os territorios que recorre, ademais de repercutir positivamente na conservación das tradicións e a recuperación do patrimonio local. A rehabilitación deste antigo hospital que atendía aos peregrinos na súa viaxe cara a Santiago de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Compostela e construído polo arcebispo Raxoi no século XVIII, supón a recuperación deste recurso patrimonial ao mesmo tempo que contribúe a mellora da infraestrutura turística destinada ao aloxamento de peregrinos. Este proxecto contribuirá ao mantemento do nivel de satisfacción xeral positivo co que conta esta ruta na que os peregrinos demandan mais oferta de aloxamentos e albergues.

Visto o informe xurídico emitido pola Técnica de Administración Xeral, co conforme da Secretaría da Corporación en data 18/03/2025

Logo de ver o informe da intervención municipal de data 30/04/2025, no que se establece como conclusións o seguinte:

“ CONCLUSIONES

O Convenio se refire a unha obra xa en execución, extremo que debería constar no propio expediente do Convenio que se está a tramitar de acordo co sinalado nos antecedentes e no texto do informe.

Advírtese da falta de existencia de crédito neste momento (e en tanto non se tramite a oportuna modificación orzamentaria) para atender á adxudicación da dirección de execución de obra indicada no punto segundo do informe, ao non terse dado traslado a esta Intervención do Decreto sinalado ata a remisión do expediente obxecto de informe, xa en marzo de 2025.

Asinado dixitalmente pola interventora municipal.”

En relación con esta conclusión, deixar constancia de que o Decreto núm 211/2024 do 22/04/2024 ao que se refire a intervención municipal adxudicou o contrato de servizos para a realización de traballos de dirección de execución na obra “Rehabilitación de edificio para albergue de peregrinos Rúa Tafona nº 30, Pontedeume á licitadora Fernando Rodríguez Antelo (32.826.099-Q), por importe de 9.075,00 €, unha vez que se practicou a oportuna retención de crédito na contabilidade municipal (na aplicación orzamentaria 4322.22706), segundo consta documento contable do día 19/04/2024 e que atendendo ao que dispón o artigo 219,1 do RDLgvo 2/2004, de 5 de marzo, TRLFL, e o artigo 17 b) RCI se atopa exento de fiscalización, ao tratarse dun contrato menor, polo que non require máis tramites co departamento de intervención. O prazo de duración dese contrato é de 1 ano, a contar dende o día da sinatura da acta de replanteo (incluído) da obra principal, que tivo lugar o día 23/07/2024. En consecuencia, se atopa en prazo de execución a adxudicación indicada. (segundo consta en informe do arquitecto director da obra e responsable do contrato, de data 20/12/2024, que obra no expediente).

Por todo o exposto, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume con CIF P-1507000F para financiar a actuación nº 9 do PSTD Fragas do Eume “Rehabilitación de edificio histórico para novo uso





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

como albergue" financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, do seguinte teor literal:

CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIO HISTÓRICO PARA NUEVO ALBERGUE

Na Coruña, o XX de XXXX de 2025

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral accidental da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. _____, _____, en representación do Concello de Pontedeume.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estánlles atribuídas

MANIFESTAN

Primeiro.- A Deputación Provincial da Coruña presentou un Plan de Sostibilidade Turística en Destino ao Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, cuxas bases están reguladas pola Estrategia de sostenibilidade turística en destinos (2021).

Segundo.- Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de "Proxecto en cooperación", e polo tanto as partes formalizan as súas relacións mediante acordos de cooperación para establecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento da actuación "Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue" dentro do marco do proxecto PSTD Fragas do Eume.

O orzamento da actuación é de catrocentos oitenta e trescentos sesenta con corenta e catro euros (480.360,44 euros).

Dado o interese da Deputación e o Concello de Pontedeume para a realización das obras de rehabilitación do edificio para albergue de peregrinos, ambas as partes acordan formalizar o presente convenio en base as seguintes cláusulas.

Por todo o exposto, as partes:

ACORDAN

Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pontedeume, para a execución da actuación nº 9 do PSTD Fragas do Eume "Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue" financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU. A finalidade é rehabilitar o edificio para o seu uso como albergue de peregrinos. Trátase dun antigo hospital que atendía aos peregrinos na súa viaxe cara a Santiago de Compostela. Foi construído polo arcebispo Raxoi no século XVIII. Na actualidade, é un volume pétreo en avanzado estado de ruína e situado a carón da Igrexa de Santiago.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

II.- ORZAMENTO

O presuposto total da execución da actuación:

1. Orzamento sen IVE: 396.992,10 €
2. IVE: 83.368,34 €
3. Orzamento con IVE: 480.360,44 €

Presuposto máximo de execución por contrata 480.360,44 €

III.- FINANCIAMENTO.

A Deputación da Coruña financia o orzamento da actuación con fondos do PSTD Fragas do Eume, financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 480.360,44 euros con cargo á aplicación orzamentaria, o que representa unha porcentaxe do 100%. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4327/650 (Código de proxecto 2022.3.81990.4).

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. A Deputación contratará a execución das obras incluídas no proxecto obxecto de financiamento de acordo co disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.
2. A dirección das obras corresponderá á Deputación da Coruña, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.
3. A dirección de execución das obras corresponderá ao Concello de Pontedeume, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.
4. A contratación da coordinación de seguridade e saúde corresponderá a Deputación da Coruña e aboará os gastos que diso se deriven.
5. A contratación do control de calidade da obra corresponderá a Deputación da Coruña que abonará os gastos que diso se deriven.
6. As certificacións mensuais que emita a dirección de obra serán remitidas á Deputación da Coruña para a seu pago con cargo ao PSTD Fragas do Eume.
7. As modificacións do contrato só se poderán realizar por razóns de interese público nos supostos previstos nos artigos 204, 205 e 242 da LCSP.

A estes efectos a Deputación da Coruña asume os trámites da modificación do proxecto orixinal, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Unha vez o proxecto conte co informe favorable do Concello de Pontedeume, a Deputación procederá á aprobación do proxecto modificado requirindo a previa existencia de crédito adecuado e suficiente.

8. A Dirección da obra, notificará cunha antelación de dez días como mínimo, a data prevista da acta de recepción para que poida asistir un técnico da Deputación Provincial da Coruña e un representante designado polo concello xunto cun técnico competente que determine. O técnico elaborará un informe de conformidade coa recepción e de presentar algún elemento desconforme, a Deputación deberá proceder a realizar as actuacións que corresponden para obter o carácter favorable da valoración técnica.

A acta de recepción será asinada por un interventor da Deputación da Coruña, ou as persoas nas que deleguen, o director de obra e un técnico do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios ou do Servizo de Arquitectura e Mantemento.

9. Unha vez finalizada a execución das actuacións pola Deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado pola Concello de Pontedeume, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo esta a súa xestión, e todos os gastos de mantemento e conservación como o seu titular.

A acta de entrega da obra rematada ao Concello de Pontedeume terá lugar o mesmo día da dita acta de recepción ou nun prazo non superior á 15 días.

10. O Concello de Pontedeume facilitará de conformidade coa cláusula Décima.4 da Addenda ao Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia de data 10 de decembro de 2024, as achegas adicionais de documentos ou datos aclaratorios que a Axencia de Turismo de Galicia poida requirir.

11. O Concello de Pontedeume obrígase a someterse ás actuacións control e seguimento da aplicación de fondos destinados ao proxecto subvencionado que se lle requira á comunidade autónoma, mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Secretaría de Estado de Turismo, así como ao control financeiro dos mesmos pola Intervención General de la Administración del Estado e o Tribunal de Cuentas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión europea, o Tribunal de Cuentas Europeo, a Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas, asumindo a Asociación a responsabilidade dun eventual reintegro por parte da Deputación dos fondos recibidos por ésta ao Tesoro Público motivado por incumprimentos totais ou parciais destes concellos segundo o disposto na Resolución de 23 de diciembre de 2021, de la Secretaría de Estado de Turismo, por la que se publica el Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Turismo, por el que se fijan los criterios de distribución, así como el reparto resultante para las comunidades autónomas, del crédito destinado a la financiación de actuaciones de inversión por parte de entidades locales en el marco del Componente 14 Inversión 1 del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

V.- POSTA A DISPOSICIÓN DO INMOBLE.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Concello de Pontedeume pon a disposición da Deputación o inmovible a fin de que se poidan executar as obras incluídas no proxecto de rehabilitación do inmovible.

VI.- AUTORIZACIÓN.

Faise constar que o proxecto indicado na cláusula primeira conta coa autorización da dirección xeral de patrimonio.

VII.- POSTA A DISPOSICIÓN DE INSTALACIÓNS.

O Concello de Pontedeume porá a disposición da Deputación, e durante un período de cinco anos durante 15 días cada ano, unha sala no edificio rehabilitado para que a realización de actividades de tipo cultural.

VIII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

En relación á publicidade do financiamento dos Fondos Next Generation EU (Financiados pola Unión Europea), as partes deberán cumprir o establecido na seguinte normativa de aplicación:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Capítulo VIII. Artigo 34. Información, comunicación e publicidade.
- Acordo de Financiamento entre España e a Comisión Europea. Artigo 10. Publicación de información, visibilidade do financiamento da Unión e dereito de uso.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Capítulo III Instrumentos de xestión pública. Artigo 23.7
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Artigo 9. Comunicación.
- Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume non marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU.
- Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (MINCOTUR).
- Manual de identidade visual do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Calquera outra normativa que poda resultar de aplicación.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

IX.- VIXENCIA.

Este convenio iniciará a súa vixencia o día da súa firma e rematará na data de formalización da acta de entrega do último dos traballos obxecto desde Convenio, e en todo caso o último día de vixencia do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU, ou en data posterior de realizarse a prórroga do dito convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

X.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. O presente convenio quedará suxeito ao disposto non "Real Decreto 36/2020 polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", ou "Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia", "Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", "Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", " Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguemento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia" así como o disposto no instrumento xurídico que regula a xestión do PSTD Fragas do Eume.

SEGUNDO.- Declarar que esta actuación se enmarca dentro do PSTD Fragas do Eume, no eixe 1 relativo as actuacións no ámbito da Transición verde e sostible, actuación nº 9, segundo a táboa de actuacións aprobada dentro da Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de A Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Fragas do Eume no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

TERCEIRO.- Asumir cantas obrigas deriven da formalización do convenio que se aprobe co fin da execución e xustificación das obras financiadas con cargo aos Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, e facultar ao Sr. Alcalde do concello de Ponte deume co fin de dar cumprimento ás mesmas e a subscribir cantos actos administrativos sexan necesarios ao efecto.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña e aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ao Arzobispado de Santiago de Compostela, aos efectos oportunos”.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que pregunta que parte da obra vai executado, e de que tipo son os restos arqueolóxicos que apareceron.

Responde **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Urbanismo e Infraestruturas**, para indicar que vai demolida a fachada, a apertura de fiestras, o saneamento interno, as catas arqueolóxicas; e sobre os restos arqueolóxicos xa hai informe de patrimonio que indica que non son restos importantes, e di que se poden tapar sen problema.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para pedir aclaracións sobre a non existencia de crédito para a dirección de execución de obra, tal como reflexa o informe de intervención e pregunta como se vai solucionar.

Responde o **Sr. Ríos**, que se fará unha modificación de crédito para volver a nomear ao director de execución.

Sen máis intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO por POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (7 PSOE, 1 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ponte deume con CIF P-1507000F para financiar a actuación nº 9 do PSTD Fragas do Eume “Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue” financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, do seguinte teor literal:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIO HISTÓRICO PARA NUEVO ALBERGUE

Na Coruña, o XX de XXXX de 2025

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral accidental da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. _____, _____, en representación do Concello de Pontedeume.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Primeiro.- A Deputación Provincial da Coruña presentou un Plan de Sostibilidade Turística en Destino ao Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, cuxas bases están reguladas pola Estrategia de sostenibilidade turística en destinos (2021).

Segundo.- Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de “Proxecto en cooperación”, e polo tanto as partes formalizan as súas relacións mediante acordos de cooperación para establecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento da actuación “Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue” dentro do marco do proxecto PSTD Fragas do Eume.

O orzamento da actuación é de catrocentos oitenta e trescentos sesenta con corenta e catro euros (480.360,44 euros).

Dado o interese da Deputación e o Concello de Pontedeume para a realización das obras de rehabilitación do edificio para albergue de peregrinos, ambas as partes acordan formalizar o presente convenio en base as seguintes cláusulas.

Por todo o exposto, as partes:

ACORDAN

Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pontedeume, para a execución da actuación nº 9 do PSTD Fragas do Eume “Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue” financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU. A finalidade é rehabilitar o edificio para o seu uso como albergue de peregrinos. Trátase dun antigo hospital que atendía aos peregrinos na súa viaxe cara a Santiago de Compostela. Foi





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

construído polo arcebispo Raxoi no século XVIII. Na actualidade, é un volume pétreo en avanzado estado de ruína e situado a carón da Igrexa de Santiago.

II.- ORZAMENTO

O presuposto total da execución da actuación:

1. Orzamento sen IVE: 396.992,10 €
2. IVE: 83.368,34 €
3. Orzamento con IVE: 480.360,44 €

Presuposto máximo de execución por contrata 480.360,44 €

III.- FINANCIAMENTO.

A Deputación da Coruña financia o orzamento da actuación con fondos do PSTD Fragas do Eume, financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 480.360,44 euros con cargo á aplicación orzamentaria, o que representa unha porcentaxe do 100%. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4327/650 (Código de proxecto 2022.3.81990.4).

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. A Deputación contratará a execución das obras incluídas no proxecto obxecto de financiamento de acordo co disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.
2. A dirección das obras corresponderá á Deputación da Coruña, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.
3. A dirección de execución das obras corresponderá ao Concello de Ponte deume, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.
4. A contratación da coordinación de seguridade e saúde corresponderá a Deputación da Coruña e aboará os gastos que diso se deriven.
5. A contratación do control de calidade da obra corresponderá a Deputación da Coruña que abonará os gastos que diso se deriven.
6. As certificacións mensuais que emita a dirección de obra serán remitidas á Deputación da Coruña para a seu pago con cargo ao PSTD Fragas do Eume.
7. As modificacións do contrato só se poderán realizar por razóns de interese público nos supostos previstos nos artigos 204, 205 e 242 da LCSP.

A estes efectos a Deputación da Coruña asume os trámites da modificación do proxecto orixinal, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Unha vez o proxecto conte co informe favorable do Concello de Pontedeume, a Deputación procederá á aprobación do proxecto modificado requirindo a previa existencia de crédito adecuado e suficiente.

8. A Dirección da obra, notificará cunha antelación de dez días como mínimo, a data prevista da acta de recepción para que poida asistir un técnico da Deputación Provincial da Coruña e un representante designado polo concello xunto cun técnico competente que determine. O técnico elaborará un informe de conformidade coa recepción e de presentar algún elemento desconforme, a Deputación deberá proceder a realizar as actuacións que corresponden para obter o carácter favorable da valoración técnica.

A acta de recepción será asinada por un interventor da Deputación da Coruña, ou as persoas nas que deleguen, o director de obra e un técnico do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios ou do Servizo de Arquitectura e Mantemento.

9. Unha vez finalizada a execución das actuacións pola Deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado pola Concello de Pontedeume, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo esta a súa xestión, e todos os gastos de mantemento e conservación como o seu titular.

A acta de entrega da obra rematada ao Concello de Pontedeume terá lugar o mesmo día da dita acta de recepción ou nun prazo non superior á 15 días.

10. O Concello de Pontedeume facilitará de conformidade coa cláusula Décima.4 da Addenda ao Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia de data 10 de decembro de 2024, as achegas adicionais de documentos ou datos aclaratorios que a Axencia de Turismo de Galicia poida requirir.

11. O Concello de Pontedeume obrígase a someterse ás actuacións control e seguimento da aplicación de fondos destinados ao proxecto subvencionado que se lle requira á comunidade autónoma, mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Secretaría de Estado de Turismo, así como ao control financeiro dos mesmos pola Intervención General de la Administración del Estado e o Tribunal de Cuentas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión europea, o Tribunal de Cuentas Europeo, a Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas, asumindo a Asociación a responsabilidade dun eventual reintegro por parte da Deputación dos fondos recibidos por ésta ao Tesoro Público motivado por incumprimentos totais ou parciais destes concellos segundo o disposto na Resolución de 23 de diciembre de 2021, de la Secretaría de Estado de Turismo, por la que se publica el Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Turismo, por el que se fijan los criterios de distribución, así como el reparto resultante para las comunidades autónomas, del crédito destinado a la financiación de actuaciones de inversión por parte de entidades locales en el marco del Componente 14 Inversión 1 del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

V.- POSTA A DISPOSICIÓN DO INMOBLE.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Concello de Pontedeume pon a disposición da Deputación o inmovible a fin de que se poidan executar as obras incluídas no proxecto de rehabilitación do inmovible.

VI.- AUTORIZACIÓN.

Faise constar que o proxecto indicado na cláusula primeira conta coa autorización da dirección xeral de patrimonio.

VII.- POSTA A DISPOSICIÓN DE INSTALACIÓNS.

O Concello de Pontedeume porá a disposición da Deputación, e durante un período de cinco anos durante 15 días cada ano, unha sala no edificio rehabilitado para que a realización de actividades de tipo cultural.

VIII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

En relación á publicidade do financiamento dos Fondos Next Generation EU (Financiados pola Unión Europea), as partes deberán cumprir o establecido na seguinte normativa de aplicación:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Capítulo VIII. Artigo 34. Información, comunicación e publicidade.
- Acordo de Financiamento entre España e a Comisión Europea. Artigo 10. Publicación de información, visibilidade do financiamento da Unión e dereito de uso.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Capítulo III Instrumentos de xestión pública. Artigo 23.7
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Artigo 9. Comunicación.
- Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume non marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU.
- Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (MINCOTUR).
- Manual de identidade visual do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Calquera outra normativa que poda resultar de aplicación.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

IX.- VIXENCIA.

Este convenio iniciará a súa vixencia o día da súa firma e rematará na data de formalización da acta de entrega do último dos traballos obxecto desde Convenio, e en todo caso o último día de vixencia do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU, ou en data posterior de realizarse a prórroga do dito convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

X.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. O presente convenio quedará suxeito ao disposto non "Real Decreto 36/2020 polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", ou "Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia", "Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", "Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", " Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguemento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia" así como o disposto no instrumento xurídico que regula a xestión do PSTD Fragas do Eume".

SEGUNDO.- Declarar que esta actuación se enmarca dentro do PSTD Fragas do Eume, no eixe 1 relativo as actuacións no ámbito da Transición verde e sostible, actuación nº 9, segundo a táboa de actuacións aprobada dentro da Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de A Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Fragas do Eume no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

TERCEIRO.- Asumir cantas obrigas deriven da formalización do convenio que se aprobe co fin da execución e xustificación das obras financiadas con cargo aos Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, e facultar ao Sr. Alcalde do concello de Ponte deume co fin de dar cumprimento ás mesmas e a subscribir cantos actos administrativos sexan necesarios ao efecto.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña e aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ao Arzobispado de Santiago de Compostela, aos efectos oportunos.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente en funcións, levanta a sesión, sendo as dez horas e oito minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 29.05.2025 segundo o borrador asinado o día 26.05.2025. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

